



NOTA INFORMATIVA

[ICA Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2018]

1. RECORDATORIO ÚLTIMA SESIÓN DAS XORNADAS: “ASPECTOS PROCESUAIS PRÁCTICOS DA ASISTENCIA LETRADA NO PROCESO PENAL”

4ª SESIÓN: **MÉRCORES** 14.02.2018

Día: **mércores**, 14 de febreiro

Hora: 19.00 h

Lugar: salón de actos do ICA de Santiago

Relatora: D^a Ana Belén Cajoto Berdeal, letrada da Admón. de xustiza do Xulgado Penal Núm. 1 de Santiago de Compostela

Materia: (a) Suspensión das penas: fórmulas e criterios. (b) Posibilidade de substitución da pena; como opera?. (c) Incidente de determinación das indemnizacións civís. (d) A rehabilitación ou cancelación de antecedentes penais. (e) O indulto.

2. FESTIVIDADE DE SAN RAIMUNDO: ENTREGA DA CRUZ DISTINGUIDA DO MINISTERIO DE XUSTIZA E PROGRAMA DEFINITIVO

Aproveitando os actos programados para o venres 23, o Ministerio de Xustiza fará entrega ese día da Cruz Distinguida de 1ª Clase da Orde de San Raimundo de Peñafort ao noso ex decano, D. Evaristo Nogueira Pol, segundo o programa que se detalla:

Programa: venres, 23 de febreiro de 2018

- 18.00 h Misa na Catedral de Santiago (**Capela do Pilar**), que se aplicará en lembranza dos/as compañeiros/as finados/as.
- 19.00 h Actos solemnes no Salón Nobre do Pazo de Fonseca:
- ❖ Entrega do **IX Premio de Dereitos Humanos**: ASPAS Santiago
 - ❖ Entrega, por parte do Ministerio de Xustiza, da **Cruz Distinguida de 1ª Clase da Orde de San Raimundo de Peñafort** a D. Evaristo Nogueira Pol.
 - ❖ Entrega das **medallas de ouro** do Colexio:
 - Categoría de «avogados/as»: D. Evaristo Nogueira Pol
 - Categoría de «non avogados/as»: D. José Paz Montero



- ❖ Entrega das **insignias de ouro** aos letrados/as que cumpren 40 anos de exercicio profesional: D^a Filomena Casal Gómez (colex. 517), D. Juan Bautista Gerpe Castro (colex. 518) e D. Alejandro Concheiro Nine (colex. 525)
- ❖ **Xura ou promesa** de novos letrados e letradas

20.30 h Viño de honra no claustro do Pazo de Fonseca

22.00 h Cea-baile no hotel Oca Puerta del Camino

Os **prezos do cuberto** para a cea-baile serán os seguintes:

- Colexiados/as de máis de 5 anos e acompañante: **55 €** (subvención do colexio incluída)
- Colexiados/as de menos de 5 anos: **40 €** (subvención do colexio incluída)

As tarxetas de invitación poderán retirarse na secretaría do colexio antes do día 19 de febreiro ás 20.00 h. Existe a posibilidade de reservar mesas, se así se solicita, no momento de retirar as invitacións.

O **servizo de autobuses** terá os seguintes horarios:

- Ida: 21.30 h e 22.00 h, saída dende a praza de Galicia ata o hotel Oca Puerta del Camino.
- Volta: 3.30 h e 4.30 h aprox.: dende o hotel Oca Puerta del Camino ata a praza de Galicia.